

# CANTOS DE NADAL

No tempo de Nadal xúntase a doutrina relixiosa coa tradición oral, dando lugar á aparición dunhas cantigas pagano-relixiosas cunhas estruturas características propias que chegaron ata os nosos días co nome de “Cantos de Nadal”.

Destacan tres tipos de cantares: os de Noiteboa, os de Aninovo e os de Reis.

Os encargados da súa interpretación eran, habitualmente, os homes; aínda que en algunhas zonas cantaban homes e mulleres xuntos.

Interpretábanse en dous grupos, bandos ou cuadrillas que se colocaban en forma semicircular, unha fronte á outra, para poder escoitarse mellor. A cada grupo correspondíalle cantar unha estrofa.

A estrutura destes cantares é a mesma para todos os tipos. Consta de tres partes:

O permiso, licenza ou presentación (petición de permiso para cantar)

O canto ou historia (romance narrativo)

A petición do aguinaldo que estaba formado, principalmente, por comida: ovos, touciño, chourizos, biscoitos, viño, etc., e nalgúns casos tamén cartos.

## “REICES VELLOS DE XANCEDA”

De lejos venimos  
los que aquí llegamos  
se nos dan licencia  
os reices cantamos.  
Y si no la dan  
señor cantaremos  
con buenas palabras  
encomenzaremos.

É descortesía  
é desobediencia  
a puerta de un hombre  
cantar sin licencia.  
Cantade muchachos  
que es preciso andare  
y antes de las doce  
a Belén llegare.

A Belén camina  
la Virgen María  
San José llevaba  
en su compañía.



Componentes da Asociación  
Donaire cantando un Canto  
de Reis.

Como quier que yo vaia  
en su compañía  
está la noche oscura  
perderán la guía.  
Compañía santa  
digna de adorare  
antes de las doce  
a Belén llegare.  
Esta estrella nueva  
que nos ilumina  
contempla sus tierras  
con grande alegría.

Denos aguinaldo  
si no-lo han de dar  
que somos de lejos  
queremos marchar.

Déanos aguinaldo  
aunque sea pouco  
touciño e medio  
e a mitá de outro.

Tamén poderíamos incluír unhas últimas estrofas de agradecemento ou desdén aos donos da casa, aínda que non sempre se facía. Estas coplas de loubanza ou sarcásticas facían alusión ao citado aguinaldo (contía, valía e abundancia).

Cantámoslle os reises  
Guedellos de cabra;  
Cantámoslle os reises  
e non nos deches nada.

